



Típula (*Tipula* spp)

INTRODUCCIÓN

- As típulas son **dípteros** pertencente á familia dos Tipúlidos, que ataca a pradeiras, pastos e céspedes.
- De adultos teñen aspecto semellante aos mosquitos, pero de maior tamaño, e so inofensivos para os humanos.
- En estado de larva son moi voraces e aliméntanse de restos de vexetación, raiciñas de trevo, alfalfa, ray-grass e outras gramíneas.
- As especies mais comúns son *Tipula palidosa* e *T.oleracea*.
- Atópase presente en Galicia dende fai décadas.

DESCRICIÓN E BIOLOXÍA

Larva:

- As larvas ou eirugas non teñen patas (ápodas).
- Cor gris terroso.
- Tamaño entre 3 a 4 cm.
- Corpo cilíndrico con movemento retráctil para poder desprazarse.
- Cabeza parcialmente retráctil e no último segmento posúe prolongacións carnosas características.



Adulto:

- Son como mosquitos de gran tamaño (2,5 cm lonxitude).
- Delgados, con patas largas e finas moi fráxiles.
- Color do corpo entre amarelo escuro e marrón claro, con bandas lonxitudinais no tórax.



Ovos:

- Alongados, de cor negro brillante.
- 100-400 ovos por posta (en lugares húmidos).



CICLO BIOLÓXICO

- 1-2 xeracións ao ano.
- Adultos (abril-maio) na xeración de primavera e setembro - outubro en outono.
- Vida adulto 8-12 días.
- Femia pon ovos en zonas húmidas. Os ovos eclosionan en 15 días en condicións favorables.
- As larvas desenvólense rapidamente con tempo suave húmido na capa superficial do solo. Son moi sensibles á luz e soen saír a superficie pola noite.
- Cando alcanzan máximo desenvolvemento crisalidan dando lugar a adultos de nova xeración.

DANOS

- Os danos son producidos pola alimentación das larvas nas raíces, bases dos tallos e partes verdes inferiores das plantas.
- Ataques fortes cada 4-5 anos.
- Nas gramíneas faltan partes das follas dende a punta ata a base.
- Nos trevos aparecen cortes redondeados que van acabando coa folla e incluso o peciolo.
- Rodais con vexetación mais débil que acaban por desaparecer.
- Os cultivos seguintes nunha parcela infectada poden verse danados sobre todo durante a xerminación.
- Ataques mais fortes con temperaturas suaves e humidade e en función do nivel de praga.





MÉTODOS DE CONTROL

Seguimento e estimación do risco

- Seguimento das poboacións difícil ao estar enterradas.
- Estar atentos aos primeiros danos.

Medidas culturais

- Evitar asolagamentos.
- Levantar as pradeiras cando está a punto de desaparecer e deixar que seque o terreo, realizando labores cruzadas se é posible.

Métodos de control biolóxico

- Aves insectívoras
- Nematodos entomopatóxenos (*Steinernema carpocapsae*)

Métodos de control químicos

- Insecticidas nos momentos adecuados (fase larvaria ao anoitecer ou amencer cando están moi cerca da superficie).
- Usaranse os produtos fitosanitarios autorizados Rexistro do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.
- **Non existen produtos autorizados para pradeiras.** Existen as seguintes materias activas e formulados autorizados para céspede.

MATERIA ACTIVA	FORMULADO
CLOTRANILIPROL	CLOTRANILIPROL 20% [SC] P/V
CIPERMETRIN	CIPERMETRIN 0,8 % [MG] P/VP

NOTA: Antes de realizar as aplicacións con algunha de destas materias activas, debe consultarse a situación dos produtos no Rexistro de Produtos Fitosanitarios do MAPA.

<https://servicio.mapa.gob.es/regfiw>